



O nacionalismo é "bo" ou
"malo"?

Uma análise
de classe



1. Unha perspectiva xeral

Na actualidade existen grandes debates sobre o termo “nacionalismo”. Cómpre pois unha análise marxista da cuestión en xeral (desde a súa complexidade) e tamén aplicada ao caso concreto da nación galega.

En primeiro lugar é preciso definirmos o termo nacionalismo a nivel xeral. O nacionalismo é, a grandes rasgos, a defensa dun determinado proxecto nacional no plano político, podendo chegar a expresarse ou non a través dun Estado. A partir de aquí, vemos que existen diferentes concepcións sobre el que non se axustan á análise concreta da realidade concreta:

-Hai quen pensa que o nacionalismo é “malo” e só se expresa cando existe un proxecto que defende a autodeterminación e a independencia dunha nación sen Estado, ignorando a existencia dun nacionalismo estatal (“non-nacionalismo”), polo que a defensa dese proxecto nacional e da integridade dese Estado, sería o “natural” e de “sentido común”, reproducindo a ideoloxía dominante. Son os defensores do cadro actual (imperialista) de Estados no mundo.

En relación co anterior, existe a tendencia a pensar que cando un pobo acada a súa independencia, desaparece o seu nacionalismo.

-Outros igualan o nacionalismo do Estado opresor co da nación oprimida, podendo caer no nihilismo na cuestión nacional e na práctica, posicionándose a carón do primeiro. Isto é típico dalgunha “esquerda” que non diferencia entre contradicións antagónicas e contradicións no seo do pobo, como veremos agora.

-Pola outra banda, dentro dos nacionalistas de nación oprimida hai quen defende que o nacionalismo é “bon”, mesmo chegando a definila como unha “ideoloxía de progreso” (sic), identificándoa só cun tipo concreto. Aliás, o “nacionalismo”, nen sequera é unha “ideoloxía” en si mesma. Analizaremos isto polo miúdo máis adiante.

-Neste grupo de nacionalistas de nación sen Estado hai tamén quen identifica calquera proceso de independencia e en calquera circunstancia como “positivo”, sen ningún análise de clase e anti-imperialista da realidade mundial.

-Finalmente, podemos atopar algúns supostos defensores da autodeterminación e a independencia dunha nación oprimida que, ao estaren influídos polo nacionalismo dominante, actúan como acomplexados renegando do seu propio e da súa cuestión nacional, e etiquetándoo, en xeral, como “negativo”. Isto pode levar á colaboración co nacionalismo dominante.

Ningunha das tendencias que acabamos de describir representa análises marxistas. Afirmar que o nacionalismo por si mesmo é “bo” ou é “malo” é pura metafísica, puro idealismo. Non existe o “bo” e o “malo” en abstracto, cómpre facermos unha análise concreta da realidade concreta, analizando en cada contexto o seu papel no marco da loita de clases, para comprobar se é favorábel aos intereses populares e se entra

en confrontación contra o imperialismo –ou se pola contra é contrario aos intereses populares e serve aos intereses do grande capital e o imperialismo.

Segundo o seu papel en cada contexto concreto pode haber nacionalismos reaccionarios, opresores e imperialistas ou, pola contra, nacionalismos emancipadores, de resistencia e liberación. Analizamos estes dous grupos:

- Os nacionalismos reaccionarios, opresores e imperialistas

Naturalmente, neste grupo están incluídos os nacionalismos de Estados imperialistas, nomeadamente do bloque imperialista occidental, iso si, cada vez máis decadente e en descomposición interna. Cómpre sinalar que as revolucións burguesas do século XIX e a formación dos Estados-nación en Occidente, foi un paso adiante progresivo en relación ao vello réxime feudal. Porén, cando a burguesía conquistou o poder, deixou de exercer un papel progresista e pasou a ser unha clase reaccionaria, inimiga dos oprimidos e explotados, empregando seu nacionalismo burgués e imperialista (de natureza chouvinista e supremacista) para alienar ás masas e asegurar a súa subordinación aos intereses das clases dominantes. Isto puido observarse con claridade na I Guerra Mundial, cando as burguesías imperialistas intentaron arrastrar as masas á guerra “en defensa da patria”, coa colaboración dos socialdemócratas da II Internacional, defensores das tendencias social-chouvinistas e social-imperialistas, fronte á oposición dos comunistas revolucionarios que logo organizaron a III Internacional. Alén diso, por norma xeral, os imperialistas xustificaron e seguen a xustificar a dominación ou agresións contra outros pobos, recorrendo ao chouvinismo, o supremacismo e o racismo.

Neste sentido, cómpre sinalarmos a vixencia na actualidade deste tipo de nacionalismo, xa que seguen vixentes os Estados-nación como marco de acumulación de capital; por outro lado, estruturas como a UE e a OTAN son alianzas imperialistas temporais, non só reaccionarias e inimigas dos pobos e os traballadores, senón tamén insostíbeis no tempo, xa que o desenvolvemento desigual entre Estados, así como a disputa entre as burguesías monopolistas polo control dos recursos e áreas de influencia, son fenómenos inherentes ao capitalismo, nomeadamente na súa fase imperialista.

No referente ao Estado español atopamos un imperialismo fracasado que xoga un papel secundario dentro da cadea imperialista internacional, un proxecto que xira ao redor da defensa da unidade de mercado ao servizo do grande capital. É por iso que a loita dos pobos oprimidos é o seu principal punto débil.

Finalmente, dentro do apartado de nacionalismos reaccionarios, opresores e imperialistas, cómpre falarmos de procesos de independencia ao servizo do imperialismo occidental, nomeadamente contra Estados de orientación socialista como a URSS ou Iugoslavia. Non negamos as posíbeis eivas e limitacións das experiencias soviética ou iugoslava, para resolver axeitadamente a cuestión nacional. Porén, é evidente que estes procesos de desintegración de Estados de orientación socialista presentaron un claro contido reaccionario, anti-comunista e pro-imperialista, servindo de base para o avance da ultra-dereita, como vemos hoxe na Ucraína do Maidán. Aqueles soberanistas da nosa contorna, principalmente bascos e cataláns (aínda que

tamén sectores de “esquerda” españolista que usan estes procesos para desacreditar as loitas de liberación contra o Estado español) que utilizan como exemplo este tipo de procesos amosan a súa incapacidade de analizar a realidade desde unha perspectiva de clase e anti-imperialista, acreditando en que a chamada “comunidade internacional” –isto é, o imperialismo euro-ianqui- pode ser un aliado na ruptura co Estado español. Non se poden equiparar os procesos de independencia contra a URSS ou Iugoslavia cos procesos de independencia contra o Estado imperialista español, integrado na UE e a OTAN. E aínda poderíamos citar máis exemplos de nacionalismos reaccionarios, opresores e imperialistas, mais pensamos que esta breve explicación serve para comprender a natureza deste tipo de nacionalismo. En definitiva, este tipo de proxectos son antagónicos aos intereses dos oprimidos e explotados, son abertamente inimigos de calquera proceso emancipador.

- Os nacionalismos emancipadores, de resistencia e liberación

Neste apartado cómpre facermos unha aclaración: dentro deste grupo non só entran aquelas loitas independentistas e de liberación nacional contra Estados imperialistas, senón tamén aqueles pobos que xa acadaron a súa independencia formal mais seguen a loitar pola independencia real ou na defensa da súa soberanía fronte ás agresións imperialistas. Isto desmonta a tese de que unha vez conquistada a independencia o nacionalismo fica superado automaticamente. Nada máis lonxe da realidade: o nacionalismo de resistencia é unha necesidade estrutural na loita contra o imperialismo capitalista e, polo tanto, por norma xeralo nacionalismo a nivel mundial só poderá ser superado cando as relacións entre os pobos estean baseadas no internacionalismo proletario e xa non haxa nacións que dominen ou intenten dominar a outras, isto é, cando a derrota e a superación do capitalismo, así como a vitoria do socialismo-comunismo, sexan unha realidade. Deste xeito, a meirande parte dos procesos anti-imperialistas na actualidade, sexan revolucionarios ou simplemente progresistas, presentan un claro contido nacionalista. Hai que ter en conta que a división internacional do traballo, no marco da fase imperialista do capitalismo, desprazou o epicentro progresista ou revolucionario cara a países atrasados, periféricos, oprimidos, dependentes ou colonizados, desenvolvendo procesos de liberación nacional. Podemos citar o exemplo da revolución cubana e a súa transición ao socialismo (probabelmente o proceso que maior consenso favorábel xera dentro das fileiras da esquerda), que presenta unha natureza claramente nacionalista –“patria ou morte”– de defensa da soberanía e a independencia nacional fronte ás agresións imperialistas, reclamándose herdeiro do pensamento martiano e do seu independentismo anti-imperialista. Este carácter nacionalista da revolución cubana non entra en contradición coa súa vocación humanista e internacionalista, mais ben ao contrario, o seu nacionalismo está unido ao seu internacionalismo, xa que son conscientes de que a defensa da súa independencia nacional e do seu proceso revolucionario está estreitamente ligado á causa dos oprimidos e explotados do mundo.

Neste punto, é importante lembrarmos as achegas de Mao cando fala e examina as contradicións no seo do pobo, en contraposición ás contradicións antagónicas (desde a experiencia da revolución chinesa), un esquema axeitado en xeral para os nacionalismos de resistencia e os procesos de liberación nacional. Deste xeito, o enfoque para tratar as contradicións antagónicas e as contradicións no seo do pobo é

totalmente diferente. Estas últimas refírense por unha banda ás contradicións no seo das clases populares (incluíndo á propia clase obreira) que non son antagónicas en ningún caso, mais por outra banda están as aquelas en relación con sectores da burguesía nacional, que en certos contextos poden ser aliados fronte ao imperialismo, mais que ao mesmo tempo dominan e explotan á clase obreira, puidendo ser contradicións non antagónicas ou antagónicas, en función do contexto. Citando exemplos de países que resisten en defensa da súa soberanía fronte ás agresións imperialistas, temos por exemplo o caso do proceso bolivariano de Venezuela, de perfil nacionalista e anti-imperialista, que sen ser unha experiencia socialista, as contradicións no seo dese proceso son contradicións no seo do pobo, secundarias en relación ao combate contra o inimigo principal representado polo imperialismo e a oligarquía escuálida.

No referente ás loitas de liberación das nacións oprimidas por Estados imperialistas –isto é, sen soberanía nin sequera no plano formal– existen certos posicionamentos reaccionarios, defendidos por certos sectores de “esquerda” e mesmo autoproclamados “comunistas”. Citamos dúas destas desviacións:

-A crenza de que os nacionalismos de liberación das nacións oprimidas son burgueses e reaccionarios por definición, supostamente dividindo e debilitando á clase obreira.

-A defensa dos procesos de liberación nacional unicamente cando se desenvolven en colonias terceiromundistas, desbotando os procesos de liberación dos pobos oprimidos en Europa e, no caso da “esquerda” españolista, no Estado español.

Evidentemente, este tipo de posicionamentos contra os nacionalismos de liberación levan a posicionarse a carón do grande capital (reforzando o seu proxecto de dominación) e o seu Estado opresor. Malia non sermos partidarios de empregar aos clásicos marxistas como un dogma ou un catecismo, imos recoller algunhas citas, para entender mellor e profundizar nesta cuestión. Por exemplo, Stalin nos seus “Fundamentos do leninismo”, dicía o seguinte:

A luta do emir do Afeganistão pela independência de seu país é, objetivamente, uma luta revolucionária, apesar das idéias monárquicas do emir e dos seus adeptos, porque essa luta enfraquece, decompõe e mina o imperialismo. Por outro lado, a luta de certos “ultra” democratas e “socialistas”, “revolucionários” e republicanos do tipo de, por exemplo, Kerenski e Tsereteli, Renaudel e Scheidemann, Tchernov e Dan, Henderson e Clynes, durante a guerra imperialista, era uma luta reacionária, porque tinha por objetivo adornar artificialmente, consolidar e levar ao triunfo o imperialismo. A luta dos comerciantes e dos intelectuais burgueses egípcios pela independência do Egito é, pelas mesmas razões, uma luta objetivamente revolucionária, conquanto os chefes do movimento nacional egípcio sejam burgueses por sua origem e situação social e conquanto sejam contra o socialismo, enquanto a luta do governo “operário” inglês, para manter a situação de dependência do Egito, é, pelas mesmas razões, uma luta reacionária, muito embora os membros desse governo sejam proletários, por origem e situação social e conquanto sejam “favoráveis” ao socialismo.

Se ben é certo que o contexto colonial do Afganistán e o Exipto difiren bastante do contexto das nacións oprimidas polo Estado español, podemos facer unha pequena extrapolación e sinalar que até o propio nacionalismo burgués, liberal e europeísta do catalán Puigdemont, na medida en que defende a ruptura democrática independentista co Estado imperialista español, cumpre claramente unha función bastante máis progresista que aquela “esquerda” españolista (incluído algúns autoproclamados “comunistas”) que traballa na farsa do “gobierno progresista” estatal, submiso e lacaios ao servizo dos intereses do grande capital e garante da opresión nacional.

Puigdemont tamén desenvolve unha función bastante máis progresista que calquera españolista de fólclor vermello, posicionados a carón da burguesía imperialista na defensa da integridade do Estado español. Porén, os nosos españolistas poderían dicir agora que ese esquema se aplica só ás colonias terceiromundistas, nunca ao contexto europeo. Lenin, no seu “balance da discusión sobre a autodeterminación”, encárgase de desmontar esta contraposición entre as colonias terceiromundistas e as nacións oprimidas en Europa; defende abertamente as revoltas dos pobos oprimidos no continente contra as grandes burguesías e os seus estados opresores e imperialistas nos tempos da revolta de Pascua irlandesa, chegando a afirmar o seguinte:

A loita das nacións oprimidas en Europa, capaces de chegar a insurreccións e batallas de rúa, de romper a férrea disciplina das tropas e provocar un estado de sitio, esta loita “agravará a crise revolucionaria en Europa” cunha forza incomparábelmente maior que unha insurrección moito máis desenvolvida nunha colonia distante. O golpe dirixido ao poder da burguesía imperialista inglesa pola insurrección en Irlanda ten cen veces maior importancia política que outro golpe de igualdade de forza en Asia ou África.

Isto é, o nacionalismo de liberación nacional dos pobos oprimidos en Europa é un catalizador da loita revolucionaria, capaz de facer tremar os alicerces dos Estados imperialistas occidentais. Estas loitas de liberación nacional expresan antagonismos de clase contra as grandes burguesías. De feito, os principais epicentros revolucionarios en Europa Occidental, na segunda metade do século XX, foron as loitas de liberación nacional en Irlanda e en Euskal Herria, mentres que nos últimos anos o proceso independentista catalán colleu especial relevancia e foi o principal vector desestabilizador do Estado imperialista español. En xeral, no contexto do Estado español, os procesos de liberación nacional son a principal expresión da loita de clases. Mentres, algúns folclóricos autoproclamados “comunistas”, prefiren seguir soñando cunha revolución “pura” e “ideal”, no canto de incidir na realidade concreta e apoiar estes procesos de liberación nacional contra Estados imperialistas para darlles unha dirección de clase obreira. En resumo, colaboracionismo coas clases dominantes baixo unha carauta de “pureza” e folclor vermello, igualando as contradicións antagónicas fronte aos inimigos principais, coas contradicións secundarias e no seo do pobo. Isto era o que dicía Lenin sobre esta cuestión, tamén no seu “balance da discusión sobre a autodeterminación”:

Por que pensar que a revolución social é concebible sen insurreccións de pequenas nacións nas colonias e en Europa, sen explosións revolucionarias por parte da pequena burguesía, con todos os seus prexuízos, sen o

movemento das masas proletarias e semi-proletarias inconscientes contra a opresión terratenente, clerical, monárquico, nacional, etc . Pensar así significa desbotar a revolución social. Nun mesmo lugar, pénsase, ao parecer, forma un exército e di: “Estamos polo socialismo”; Noutro lugar forma outro exército e proclama: “Estamos polo imperialismo” e esa será a revolución social. (...) Quen agarda a “pura” revolución social nunca a verá. Será un revolucionario de palabra, que non entende a verdadeira revolución.

Esta crenza na revolución “pura” e “ideal”, onde só existiría unha confrontación económica entre burguesía e proletariado, desbotando a loita contra a opresión nacional e o potencial revolucionario do nacionalismo de resistencia, implica caer no economicismo imperialista, unha desviación que deriva na subordinación á hexemonía do grande capital e tamén en posicións chauvinistas e supremacistas de nación opresora.

Porén, isto non quere dicir que non haxa contradicións no seo do nacionalismo de nación oprimida ou que debamos desbotar a necesaria crítica ás tendencias pequeno-burguesas ou burguesas no seo destes movementos. Collendo o exemplo dos nacionalismos de nación asoballada no Estado español, hainos autonomistas e independentistas, hainos reformistas, pequeno-burgueses ou burgueses, mais tamén os hai populares ou revolucionarios. Polo tanto, mesmo no caso dos nacionalismos de resistencia e nación oprimida, non podemos caer tampouco no reduccionismo de calificalo como unha “ideoloxía de progreso”, xa que isto implica situar a cuestión nacional á marxe da loita de clases e agocha a existencia de contradicións no seo do pobo, defendendo unha posición subordinada para a clase obreira. Por outra banda e como xa sinalamos antes, tampouco debemos desbotar o nacionalismo de liberación nacional, tendo en conta o seu potencial revolucionario.

Analizando como se expresa isto na loita das nacións oprimidas, podemos tomar novamente o exemplo do proceso catalán, onde por unha banda, está o inimigo principal, que é a burguesía imperialista e o seu Estado, mais por outra banda, están as contradicións no seo do pobo, que se dan a diferentes niveis. Temos contradicións no seo das clases populares, nomeadamente no independentismo de orientación anti-capitalista ou socialista, mais tamén hai contradicións entre as clases populares e a burguesía nacional, como tamén no seo da propia burguesía nacional. Como xa dixemos antes, a burguesía nacional domina sobre a clase obreira, mais tamén é dominada pola burguesía imperialista. Fica ben claro que é a clase obreira quen debe liderar ás amplas masas do pobo na loita independencia catalá, do mesmo xeito que nas outras nacións oprimidas polo Estado español, incluído a Galiza, como veremos agora.

En definitiva, os nacionalismos emancipadores, de resistencia e liberación, son unha forza que defende o dereito á soberanía e á independencia dos pobos. Polo tanto, a diferenza dos nacionalismos reaccionarios, opresores e imperialistas, non son supremacistas, simplemente (e coas súas contradicións) reivindicando a articulación en pé de igualdade entre as nacións. Estes nacionalismos son unha resposta lóxica e necesaria perante a brutal tendencia do capitalismo á concentración e centralización de poder nas mans do capital monopolista, agudizando a dependencia e a dominación

das nacións asoballadas e sen soberanía, así como a condición periférica doutros pobos, que malia seren independentes no plano formal, poden seguir mantendo relacións de dependencia cos centros imperialistas pola súa función no marco da división internacional do traballo.

2. O caso galego

Unha vez desenvolta e analizada a cuestión do nacionalismo desde unha perspectiva xeral, con toda a súa complexidade, pasaremos do xeral ao concreto para analizarmos o caso da nación galega e do seu nacionalismo.

Para falarmos do nacionalismo galego cómpre facer un breve resumo da súa orixe e transformación histórica até chegar aos nosos días. As primeiras expresións nacionalistas galegas nacen fai aproximadamente 100 anos, superando o antigo rexionalismo. Porén, este galeguismo anterior ao golpe fascista do 36 presenta maioritariamente un carácter pequeno-burgués, idealista e populista (coas excepcións dalgunhas alternativas minoritarias, como a Unión Socialista Galega, pioneira na unión entre arredismo e marxismo, que sería a base para a construción do nacionalismo popular galego que viría a partir dos anos 60 e 70 do pasado século). Estas son as algunhas das críticas incluídas nos textos do I Congreso da UPG (1977) ao galeguismo anterior ao 36:

Iste movemento galeguista caracterizouse sempre, tanto na súa primeira fase “rexionalista”, como na súa fase “nacionalista”, por un marcado carácter populista, isto é, por un marcado carácter de oposición ao desenvolvemento do capitalismo polas consecuencias que traguía pra o noso pobo. Foi, pois, unha resposta ao papel que lle tocaba desempeñar ao noso país dentro da estrutura capitalista do Estado español, si ben unha resposta incapaz de situar esta oposición ao desenvolvemento do capitalismo nunha perspectiva histórica.

[...]

O nacionalismo das Irmandades, e mesmo o do Partido Galeguista, mantén unhas constantes ben sintomáticas da posición idealista e ambigua dunha clase social (a pequena burguesía intelectual vilega) que non pode artellar un proxecto capaz de representar nunha alternativa coherente, dirixido ás clases traballadoras galegas, especialmente á clase obreira, co fin de destruír o capitalismo e a estrutura unitaria do Estado español. Estas constantes son:

1. A conceución da nación como un fenómeno “natural”, físico, non como un fenómeno histórico e de clase
2. A creencia de que as vilas representan o mundo anti-galego, a opresión
3. A tese de que o problema galego é, ante todo, un problema de cultura, de rexeneración moral

4. Iñorar a existencia da clase obreira galega e mesmo considerala unha representación do non galego

5. Consecuentemente, identificar Galicia cos labregos, co mundo rural.

Porén, dentro deste galeguismo, houbo unha corrente dominante representada principalmente por Bóveda e Castelao (que na súa última etapa chegou a defender abertamente posicións independentistas) que defendía unha liña claramente máis progresista, popular e de esquerdas, sendo aliados nos anos 30 do PCE que facía parte da III Internacional Comunista-como inciso, o PCE daquela época si era un digno partido marxista-leninista, a diferenza do PCE carrillista, reformista e españolista posterior. Esa corrente de esquerdas no seo do galeguismo pode ser considerada como un valiosa predecesora para o nacionalismo popular galego que viría despois, ao xeito dos populistas rusos dos Naródnik. Porén, non se pode dicir que o nacionalismo galego contemporáneo sexa “centenario”, como defenden algúns, senón que o movemento nacional-popular galego xurdido a partir dos anos 60 e 70 do pasado século implica a superación do vello galeguismo pre-guerra, isto é, a construción de algo novo, totalmente diferente. Podemos dicir que a construción do nacionalismo popular galego contemporáneo resposta ás leis da dialéctica, concretamente ao esquema de tese-antítese que dá lugar a unha síntese superadora, neste caso, o nacionalismo popular galego xurdido a partir das décadas de 1960 e 1970, en contraposición co vello galeguismo culturalista e idealista de pre-guerra e co obreirismo españolista. Recollemos outro fragmento dese I Congreso da UPG, no que se trata esta cuestión:

Pesie a todo, o Partido Galeguista nunca tivo unha base de masas, daí a dicotomía do panorama político galego dos anos trinta no seo das forzas de esquerdas: dunha banda, o obreirismo españolista representado polo PSOE e as distintas agrupacións anarquistas, coa súa correspondente proiección sindical(...) doutra banda, o culturalismo pequeno-burgués da corrente galeguista. Soio un nacionalismo popular conducido pola clase obreira podería superar esta situación no seo das clases populares galegas. É a síntese que vai encetar a UPG.

Isto é, o nacionalismo popular galego xurdido nos anos 60 e 70 é a primeira expresión que asume plenamente a estreita ligazón entre a loita de liberación nacional e a loita de clases no noso país, tomando o marxismo-leninismo como fonte de inspiración, aplicando creativamente a teoría revolucionaria ao contexto dunha nación asoballada como a nosa, cunha análise que mantén a súa vixencia na actualidade. No marco da división internacional do traballo, na fase imperialista do capitalismo, Galiza exerce un papel dependente e colonial no marco do capitalismo español e internacional. Isto levou á defensa dunha alianza de clases populares pola liberación nacional, coa clase obreira como suxeito dirixente e un partido comunista que exerza o seu papel de vangarda, servindo de base para a construción dun potente movemento nacional-popular galego que manifestará a súa oposición frontal á farsa da “Transición”, fronte á posición pactista e colaboracionista do reformismo españolista, representado polo PCE. En definitiva, o nacionalismo popular galego destes anos e o que daquela era un digno partido comunista de vangarda, afirmaron “as conesións do nacionalismo popular e a súa xustificación desde unha perspectiva marxista. Nunha palabra, como

vencellar Castelao con Marx e Lenin”. No século XX houbo dous procesos paralelos: por unha banda, unha crecente simpatía polo comunismo nos sectores nacionalistas progresistas e, por outra banda, unha nacionalización dos comunistas adheridos á Internacional Comunista. Estas dúas tendencias acaban por atoparse na síntese superadora que é o nacionalismo popular galego que emerxe a partir dos 60 e 70.

En definitiva, o soberanismo galego actual, a pesar das tendencias desnaturalizadoras e reformistas no nacional e de clase (que emerxeron posteriormente e convertíronse en hexemónicas no seo do noso movemento político) bebe desa tradición marxista. Hai que ter en conta que na Galiza, a burguesía autóctona galega é españolista, non conta cun proxecto nacional propio e diferenciado expresado no plano político, xa que cumpre un papel subsidiario e intermediario en relación ao grande capital español. Polo tanto, o nacionalismo galego existente, é un proxecto popular e anti-imperialista, a pesar das súas eivas e limitacións. O nacionalismo galego, é actualmente o máis avanzado e con capacidade de incidencia social, para a defensa da nación galega e os intereses das clases populares. En definitiva, o nacionalismo galego no seu conxunto, mesmo coas súas tendencias desnaturalizadoras, é unha expresión política de claro carácter progresista e emancipador, de defensa da supervivencia da nosa nación (ameazada pola dominación a mans do Estado imperialista español) e dos seus dereitos que lle son inherentes, entre eles, o dereito á autodeterminación, cunha praxe política de defensa do principio de auto-organización do pobo galego a tódolos niveis.

Porén, tamén cómpre sinalarmos os retrocesos ideolóxicos padecidos polo nacionalismo popular galego nas últimas décadas, tanto na cuestión nacional como na de clase, que están estreitamente ligados. Historicamente presentouse correctamente a contradición principal na Galiza, isto é, nacionalismo galego fronte a españolismo (ou nacionalismo imperialista español). O problema apareceu cando se intentou agrupar e atraer cara ao nacionalismo a todas as clases non monopólicas (velaí a trampa de defender que o nacionalismo é por si mesmo unha “ideoloxía de progreso”), defendendo un capitalismo nacional fronte ao capitalismo monopolista e imperialista. Neste punto esquécense e desbotáanse as ensinanzas leninistas no referente á súa caracterización do imperialismo, que non é simplemente unha política belicista agresiva contra outros pobos, tampouco unha elección dalgúns gobernantes reaccionarios, senón a fase superior do capitalismo, coa formación e desenvolvemento dos monopolios, non sendo posíbel voltar a un capitalismo nacional ou de libre concorrência. Do mesmo xeito, tampouco é posíbel voltar ao chamado “Estado do benestar” anterior á crise capitalista iniciada no ano 2008. A tendencia á concentración e centralización de capitais nunhas poucas mans (que tamén intensifica a dependencia dunha nación asoballada como a nosa) é un proceso irreversible no marco do capitalismo. Pola contra, agudízase a contradición existente entre unha produción cada vez máis socializada e a apropiación privada dos medios de produción, o que sitúa á clase obreira como o único axente que pode dirixir un proceso emancipador e revolucionario, como é a nosa loita de liberación nacional. Hai que ter en conta, que a Galiza é unha nación dependente e colonizada, mais plenamente integrada no modo de produción capitalista. A etapa de formación das burguesías xa pasou e a burguesía autóctona existente, alén de inimiga de clase, é tamén claramente españolista, como xa indicamos. Non debemos promover a defensa dun capitalismo nacional (xa que isto se traduce na subordinación

política da clase obreira e no reformismo, tamén na cuestión nacional) senón construír unha alianza de clases populares (dirixida pola clase obreira) no camiño da liberación nacional de clase. É correcto recoñecer que existen outros sectores populares, alén da propia clase obreira (que conforman o pobo traballador galego) obxectivamente interesados nun proceso emancipador, mais iso non inclúe a defensa dos empresarios autóctonos. En definitiva, efectivamente a loita de clases no noso país toma forma de loita pola liberación nacional, mais tamén a loita pola liberación nacional toma forma de loita de clases.

O retroceso mencionado tamén se expresa no eido nacional, xa que naturalmente nación e clase son indisociábeis, coa resistencia das expresións hexemónicas do nacionalismo galego a decantarse abertamente face o independentismo, chegando a defender unha vía gradualista, progresiva e autonomista de cara á consecución dos dereitos nacionais (agochando ou deixando nun segundo plano os obxectivos estratéxicos, fronte ás loitas inmediatas) unha deriva desnaturalizadora en relación á correcta política defendida polo nacionalismo popular nos anos 70 de oposición frontal á farsa da “Transición” e a autonomía colonial. Neste sentido, entendemos que o independentismo non é unha simple radicalización do nacionalismo, nin implica tampouco desbotalo, senón que é a versión do nacionalismo máis coherente e consecuente para a resolución da opresión nacional, tendo en conta a auténtica natureza do Estado español e o imperialismo capitalista. No actual contexto, fica aínda máis claro, a imposibilidade do avance en chave nacional e social a través da conciliación e o pacto co bloque dominante. Pola contra, exprésase con claridade a necesidade de erguermos unha República galega como ferramenta para o exercicio de poder político para o pobo traballador galego, rachando co dominio do grande capital, sen que isto implique caer en maximalismos esquerdistas, no consignismo abstracto ou desbotando as necesarias reformas, non, nada diso, o que precisamos é ligar e integrar o inmediato dentro da loita por obxectivos máis avanzados, apresentando os obxectivos estratéxicos como un fío común de todas as causas xustas e nobres.

Por outra banda, estas eivas no seo do nacionalismo popular auto-organizado foron usadas por outras correntes para xustificar o seu liquidacionismo e oportunismo extremo, así como a volta a paradigmas xa superados, como é a defensa dunha “Fronte Popular”, baseada nunha suposta alianza entre nacionalistas galegos e a “esquerda” española. Se ben é certo que agora mesmo a súa aposta política se demostrou fracasada, non debemos deixar de criticar e combater este tipo de formulacións. Algunha destas tendencias, caracterizadas tamén polo seu folclore vermello, defenden un “independentismo” de etiqueta, disque “non-nacionalista”. Efectivamente, temos que darlles a razón, non son nacionalistas. Iso si, tampouco independentistas. O seu “independentismo” non é real: non se pode ser independentista, nin sequera nacionalista, cando se rexeita o principio de auto-organización do pobo galego, defendendo unha liña desnacionalizadora e sucursalista, baseada na subordinación á socialdemocracia española, claramente situada á dereita do nacionalismo popular galego, mesmo con todas as eivas e limitacións deste último. Isto é un claro exemplo de como algúns que din ser “independentistas”, ao rexeitaren o nacionalismo de liberación, poden caer no colaboracionismo ao servizo do nacionalismo imperialista de Estado opresor, neste caso, co engadido do seu brutal seitarismo contra o soberanismo galego.

De todos os xeitos, nos últimos anos observouse un decantamento de importantes sectores nacionalistas cara a defensa dun discurso máis achegado ao independentismo, nomeadamente no ámbito da mocidade, así como unha liña política máis correcta na expresión maioritaria do nacionalismo galego, mesmo sen superar plenamente o reformismo e o autonomismo. Trátase principalmente de cambios cuantitativos que poden axudar a precipitar cambios cualitativos no referente a unha mudanza e clarificación na liña política cara a posicións independentistas, rupturistas e de clase. Porén, isto dependerá da nosa capacidade de organización e incidencia para gañar a batalla ideolóxica no seo do noso movemento político, de xeito que a clase obreira gañe peso e exerza como suxeito dirixente no proceso de liberación do País. As contradicións no seo do soberanismo galego e concretamente nas súas expresións maioritarias e de masas, son contradicións no seo das clases populares. Estas expresións maioritarias e de masas do noso movemento político son as que aglutinan á meirande parte dos sectores máis conscientes do pobo galego, que aspiran a unha Galiza ceive e popular. Polo tanto, o xeito de tratar estas contradicións é a través da discusión democrática, para o avance das posicións revolucionarias no seo do movemento nacional-popular galego, seguindo a fórmula (defendida tamén por Mao, cando estuda as contradicións no seo do pobo) de “unidade-crítica-unidade” que significa segundo o propio Mao “partir do desexo de unidade, resolver as contradicións a través da crítica ou a loita e acadar unha nova unidade sobre unha base nova”. Todo isto, tamén implica darlle pulo á unidade de acción do soberanismo de esquerdas, sen deixar de traballar e incidir nas expresións de masas xa existentes, isto é, desbotando calquera marxinalismo. Non se trata dunha “unidade pola unidade” eleitoralista, a carón de sectores españolistas ou dun galeguismo “moderado”, senón unha unidade para avanzar na organización e a loita en chave de nación e clase.

A modo de conclusión, o nacionalismo que defendemos atópase estreitamente ligado co internacionalismo proletario, xa que o noso mellor contributo para o avance da revolución socialista a nivel mundial é a vitoria na nosa loita pola liberación nacional de clase. Do mesmo xeito, malia á nosa condición de nacionalistas, estamos interesados na superación do nacionalismo, algo que só será posíbel se rematamos con calquera forma de dominación nacional e no noso caso concreto, coa dependencia que padece o noso país. Dita superación só será posíbel nunha Galiza plenamente independente e socialista, relacionada en pé de igualdade co resto dos pobos do mundo.

Bibliografía empregada

Fundamentos do leninismo, de Iósif Stalin:

<https://www.marxists.org/portugues/stalin/1924/leninismo/index.htm>

Obras escollidas, de Vladimir I. Lenin. Ler o punto “Balance da discusión sobre a autodeterminación”:

<https://www.marxists.org/espanol/lenin/obras/oe12/lenin-obrasescogidas06-12.pdf>

Sobre o tratamento correcto das contradicións no seo do pobo, de Mao Zedong:

<https://www.marxists.org/espanol/mao/escritos/CHC57s.html>

Textos do I Congreso da UPG:

<https://es.calameo.com/read/0004711365e346611fa28>

